

MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA DO CONVENIO TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE BUEU PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DE BUEU

Ámbito competencial

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, as atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, atribúelle á consellería, en tanto órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, a competencia para tramitar e resolver os procedementos de integración de bibliotecas públicas ou servizos bibliotecarios na Rede de Bibliotecas de Galicia.

A dita lei define a Rede de bibliotecas de Galicia como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Entre outras, forman parte da Rede as bibliotecas de titularidade pública local dependentes de concellos ou entidades públicas locais galegas que soliciten a súa integración e que cumpran os requisitos técnicos necesarios.

O procedemento de integración na Rede regúlase no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas, que establece que o conselleiro competente en materia de cultura, resolverá a inclusión ou non do centro bibliotecario na Rede de Bibliotecas de Galicia. Esta resolución, de ser favorable, estará condicionada á sinatura dun convenio.

Antecedentes

O concello de Bueu, no exercicio das competencias que lle son propias, solicitou a integración na Rede de bibliotecas de Galicia das Bibliotecas: Biblioteca Pública Municipal Gonzalo Torrente Ballester; Biblioteca Pública Municipal de Beluso e Biblioteca Pública Municipal de Cela. Estes centros teñen a consideración de





bibliotecas públicas, de conformidade co establecido no artigo 19 da Lei 5/2012, do 15 de xuño.

Logo de aprobada a dita integración mediante Resolución do 21 de outubro de 1996 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na rede de bibliotecas de Galicia. (DOG num. 220 do 11 de novembro); Orde do 28 de setembro de 1998 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na rede de bibliotecas de Galicia.(DOG 199 do 14 de outubro) e Orde do 16 de xaneiro de 2008 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na rede de bibliotecas de Galicia. (DOG num. 40 do 26 de febreiro da consellería competente, fíxose efectiva mediante a sinatura dun convenio de colaboración. Posteriormente, co obxecto de dar cumprimento ao establecido na disposición adicional oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas, as partes asinaron un novo convenio no ano 2020.

O período de vixencia do convenio estableceuse en catro anos, con posibilidade de prorrogalo por un período de ata catro anos adicionais, por acordo das partes.

Se ben as partes reafirman a súa vontade de seguir mantendo a integración da biblioteca na Rede de Bibliotecas públicas de Galicia, resulta preciso modificar as cláusulas do convenio anterior co fin de recoller con maior precisión os compromisos das partes, especialmente aqueles que teñen unha incidencia directa na prestación do servizo e no exercicio dos dereitos das persoas usuarias, polo que resulta oportuna a formalización dun novo convenio de colaboración.

Obxecto

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Bueu acordan a formalización deste convenio co obxecto de renovar o compromiso de integración das Bibliotecas: Biblioteca Pública Municipal Gonzalo Torrente Ballester; Biblioteca Pública Municipal de Beluso e Biblioteca Pública Municipal de Cela na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Importe e tipoloxía dos fondos económicos

A execución do presente convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación que se poidan establecer nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.





Normativa aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 29 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.
- Artigo 24 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Artigo 21 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real decreto 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas.
- Artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos)
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
- Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Resolución do 21 de outubro de 1996 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na rede de bibliotecas de Galicia. (DOG num. 220 do 11 de novembro)





- Orde do 28 de setembro de 1998 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na rede de bibliotecas de Galicia.(DOG 199 do 14 de outubro)
- Orde do 16 de xaneiro de 2008 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na rede de bibliotecas de Galicia. (DOG num. 40 do 26 de febreiro)

Interese

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten especial interese en asinar este convenio co obxecto de formalizar a renovación do compromiso de integración das Bibliotecas: Biblioteca Pública Municipal Gonzalo Torrente Ballester; Biblioteca Pública Municipal de Beluso e Biblioteca Pública Municipal de Cela, dependentes do Concello de Bueu na Rede de Bibliotecas de Galicia, co obxectivo de que todas as bibliotecas que prestan servizo público en Galicia e que están activas se atopen en igualdade de condicións á hora de acceder a todos os recursos que lle ofrece a administración autonómica ás entidades titulares destes servizos.

Pola súa parte, o Concello de Bueu pon de manifesto o seu compromiso para acadar o cumprimento eficaz das funcións do centro bibliotecario e a satisfacción dos dereitos das persoas usuarias do mesmo.

Ambas as dúas partes concordan na finalidade última de mellorar o acceso da cidadanía ao libro e a lectura tanto en formato físico como dixital.

Este convenio terá unha vixencia de catro anos a partir do día seguinte ao da súa sinatura. Antes do remate deste prazo, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As actividades que ampara son de interese social para a cidadanía galega e veñen a mellorar o acceso á cultura e ao coñecemento da cidadanía galega en xeral e dos usuarios e usuarias das bibliotecas en particular.

Trátase dun convenio que non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros.

Santiago de Compostela

O director xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez

